



XVIII
feira do
vino
do
rosal

16, 17 e 18
de xullo

2010

XVIII FEIRA DO VIÑO DO ROSAL

1.- GAÑADOR DO CONCURSO DE CARTEIS DA FEIRA DO VIÑO 2010.

O guardés Miguel Rodríguez Amenedo gaña o concurso de carteis da XVIII Feira do Viño do Rosal

A XVIII Feira do Viño do Rosal, que se celebrará os días 16, 17 e 18 de xullo na Praza do Calvario, e que reúne á maioría das adegas pertencentes a subzona do Rosal, xa ten cartel anunciador logo de que o xurado convocado ao efecto elixise para anunciar este evento o cartel presentado polo deseñador guardés Miguel Rodríguez Amenedo.

A feira que está consolidada recibe anualmente, segundo os datos dos últimos anos, unha media de 30.000 visitas que degustan os viños que se producen nesta comarca, amparados na denominación de orixe Rías Baixas, pero tamén desfrutan dunha gran variedade de produtos típicos da zona e actividades paralelas que completan a oferta lúdica neses días centrais do mes de xullo.

2.- INAUGURACIÓN DA FEIRA

A mesma levarase a cabo o venres 16, ás 20:00 horas, no recinto feiral. A persoa encargada de inaugurar a Feira será o Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas D. Agustín hernández Fernández de Rojas.

3.- ORZAMENTO FEIRA

Sobrepasou os 49.000€ na pasada edición.

Gastos principais: publicidade, iluminación e son, decoración, persoal, stands e carpas, ambientación musical...

Ingresos: achega do concello e subvencións de varias institucións (**Consello Regulador, Deputación Provincial, Consellería de Medio Rural, Dirección Xeral de Turismo e Cámara de Comercio de Tui**) e venda de cataviños.

4.- DISPOSICIÓN DO RECINTO FEIRAL

Na Praza:

Stands: entre 11 adegas, 1 de produtos vexetais, o Consello Regulador e a Ruta del Vino Rías Baixas

Carpas: produtos gastronómicos (polbo, carne ó caldeiro, empanada, postres caseiros, embutidos...)

No centro da praza: Información e venda de cataviños

5.- AMBIENTACIÓN MUSICAL

Venres, a partir das 22:00: **Charanga Nova Cubana**

Sábado, a partir das 20:30 horas: **Charanga Apeles**

Domingo, a partir das 20:30 horas: **Charanga Vaite Xa**

6.- SERVIZO GRATUÍTO DE TRANSPORTE

Igual que en edicións anteriores, haberá un servizo gratuito de transporte entre A Guarda e O Rosal con saída da Guarda a partir das 21:30 horas o venres e a partir das 19:30 o sábado e o domingo ; os autobuses sairan “ás medias” da Guarda e a “en punto” do Rosal ata as 2:00 da mañá, agás o domingo que rematará ás 00:00 horas.

7.- STANDS PREVISTOS

1. Pedregales
2. Aldea de Abaixo
3. Quinta Couselo
4. Lar do Vieira
5. Santiago Ruiz
6. Lagar de Fornelos
7. Valmiñor
8. Terras Gauda
9. A Rosaleira; produtos vexetais envasados.
10. Consello Regulador
11. Remesal
12. Ruta do Viño Rías Baixas

8.- PRODUTOS GASTRONÓMICOS PREVISTOS

1. Restaurante Xantar
2. Restaurante Xeito
3. Restaurante O Cangrexal
4. Restaurante O Roxo
5. María Teresa Piñeiro Romero
6. Sebastián Guerreiro Carnero
7. Restaurante “A Granxa”



Este ano celebramos a XVIII Feira do Viño do Rosal, que unha vez máis reúne na Praza do Calvario a numerosas empresas vitícolas xa consolidadas e outras máis novas en período de crecemento. Esta feira ten un dobre obxectivo de promoción empresarial, por un lado, e de promoción turística, por outro.

As datas da mesma serán o **16, 17 e 18 de xullo**.

Todas as adegas participantes pertencen a Denominación de Orixe Rías Baixas e, en concreto a Subzona do Rosal, que abrangue ó Baixo Miño.

PROGRAMA DA FEIRA 2010

Venres, 2 de xullo

Presentación da feira:

12.00 Recepción na “**Casa da Pintora**” (Muiños do Picón s/n 36770 O Rosal)

- Intervención do **Sr. Alcalde do Concello do Rosal**, Jesús M^a Fernández Portela
- Intervención do **presidente da Cámara de comercio de Tui**, D. Gumersindo Alonso Gestoso.
- Intervención do **presidente da Ruta del Vino Rias Baixas**, D. Jose Ramón Meiriño González
- Intervención do **secretario do Consello Regulador D.O. Rias Baixas**, D. Ramón Huidobro.

Rematada a presentación servírase un viño do Rosal.

Venres, 16 de xullo

11.00 No Centro Social Polivalente:

Xornadas técnicas do albariño, coas intervencións de:

- Benvinda do Sr Alcalde do Concello do Rosal, **Jesús M^a Fernández Portela**.
- Presentación a cargo de **Jorge Cardoso Mariño**, coordinador no Baixo Miño da Asociación Galega de Viticultura.
- **Ramón Huidobro**, secretario do Consello Regulador D.O. Rías Baixas:
 - “As D.O. no mercado”
- **Xabier Zas**, xerente da cooperativa Condés de Albarei:
 - “Cooperativismo e enoturismo en Galicia”
- **Dtra. M^a del Carmen Martínez**, investigadora científica Misión Biológica (Pontevedra); Consello Superior de Investigaciones Científicas (C.S.I.C.) :
 - “A bioloxía aplicada á viticultura”

PATROCINAN:



ORGANIZAN:



Asociación Galega
de Viticultura

20:00 **Inauguración:**

PROGRAMA DA INAUGURACION

19.50 Recepción das autoridades no Concello para proceder á inauguración da Feira.

Praza do Calvario , 1
Telf: 986 62 50 00
O Rosal

20.00 Intervención do **Sr. Alcalde**, D. Jesús M^a Fernández Portela

20.05 Lectura do pregón a cargo de **Sancho Gracia**

20.12 Intervención do **presidente da Cámara de Comercio de Tui**, D. Gumersindo Alonso Gestoso.

20.20 Inauguración da XVIII Feira do Viño do Rosal a cargo do **Sr. Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, D. Agustín Hernández Fernández de Rojas.

20.30 Visita ós expositores das diferentes adegas e degustación de viños nos stands situados no recinto feiral e a continuación visita ás exposicións culturais.

20.50 Aperitivo no xardín do Concello, coa colaboración de:



20:30 Visita ós expositores e degustación de viños do Rosal

22:00 Actuación da **Charanga Nova Cubana**

Sábado, 17 de xullo

10.00 Curso de cata na extensión agraria. (ver programa anexo)

11:00 Apertura do recinto feiral

20:00 Actuación da **Charanga Apeles**

Domingo, 18 de xullo

11:00 apertura do recinto feiral

20:00 Actuación da **Charanga Vaite Xa**

24:00 Clausura da Feira

9.- ACTIVIDADES DURANTE A FEIRA

A - Exposicións Culturais do 16 ó 25 de xullo

Do 16 ó 25 de xullo EXPOSICIONS CULTURAIS:

- Exposición de ***Cadros pintados en cerámica*** (César Táboas Franco)
- Exposición de ***Esculturas de Cerámica*** (Rogelio Fortes Alonso)

B – Exposición Filatélica do 16 ó 18 de xullo

Do 16 ó 18 de xullo XVII Exposición FILATÉLICA a cargo do Grupo Filatélico e Numismático VAL DE O ROSAL. O grupo Filatélico, igual que nas demais edicións, realizou un cuño especial conmemorativo do evento. Este cuño estampárase na correspondencia que saía do Rosal durante os días da Feria.

C – “Medicarte”:

Colectivo de profesionais da Medicina que se adican ás artes en Galicia. Do **16 ao 26 de xullo**.

3ª CATA COMENTADA DA FEIRA DO VIÑO DO ROSAL – 2010

XORNADA DE APROXIMACIÓN AOS VIÑOS ESCUMOSOS DE CALIDADE e AOS VIÑOS TRANQUILOS DA SUBZONA DO ROSAL

Como tódolos anos esta xornada de cata estará dividida en dúas partes.

Na primeira farase unha aproximación aos viños da denominación de orixe Rías Baixas – subzona do Rosal– , coa cata de varios deles entre os que están presentes na Feira do Viño 2010.

E na segunda parte a organización desta Xornada Técnica pretende en primeiro lugar coñecer un pouco os viños escumosos de fermentación en botella, e en segundo lugar, e máis detalladamente, os máis significativos do mercado do Cava e do Champaña xa que o novo regulamento da D.O. Rías Baixas ampara a elaboración de V.E.C.P.R.D.

A través dun relatorio expóranse os motivos e formas de elaboración das diferentes zonas produtoras, atendendo as tendencias actuais en elaboración. Por último e mediante a cata analizaranse as diferenzas entre os distintos produtos.

A cata estará dirixida por Luís Paadín :

Presidente da Asociación Galega de Catadores , director do Salón de Viños e Augardentes de Galicia, da Guía de Viños e Augardentes de Galicia (con varias edicións publicadas) e das catas para as Distincións Gallaecia. Vicepresidente da Asociación de Sumilleres de Galicia "Gallaecia. Monitor de Hostalaría, freelance, e campión de España de "Embaixadores do Champan" no ano 2006.

Programa

Sábado 17 de xullo

Lugar Oficina Agraria Comarcal. Praza do Calvario s/n. 2º piso

10:00

Presentación do relator e do programa da actividade

Aproximación aos viños da subzona do Rosal da D.O. Rías Baixas.

Cata de viños da zona

11.30hr.

Descanso

12.00hr.

Exposición de tipos de escumosos polas súas orixes e métodos de elaboracións.

Similitudes e diferenzas do Cava e Champaña

Escenificación de elaboración de segunda fermentación en botella

Conservación e servizo de escumosos

1:30

Presentación, apertura e servizo de escumosos.

Cata de escumosos de calidade

14.00hr

Fin da xornada